



CONVOCATORIA DO I CONCURSO **STEMEME**

Os departamentos de Matemáticas, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía e Tecnoloxía do *IES Terra de Trasancos*, en colaboración coa Dirección do centro, invitan ao alumnado do *IES Terra de Trasancos* a participar na primeira edición do Concurso *STEMeme*.

Obxectivo do concurso

A proposta busca fomentar a divulgación creativa de ideas, conceptos, situacións ou historias relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía mediante o uso do humor e a conxugación de texto breve, imaxe ou vídeo en pezas de formato meme, descritivas, lúdicas e sinxelas de compartir.

Bases

Participantes

O concurso vai dirixido ao alumnado do *IES Terra de Trasancos*.

Categorías

En *STEMeme* hai dúas categorías de premios:

- ☞ para estudantes de ESO e FP Básica;
- ☞ para estudantes de Bacharelato e Ciclos.

En cada unha delas premiaranse os tres mellores memes.

Prazo de presentación

A recepción de traballos estará aberta do 9 de maio ao día 27 de maio de 2022. Non se aceptarán novas propostas despois da data de peche.



Requisitos de participación

- Admítese un só meme por participante.
- O texto poderá estar en castelán, galego, inglés, francés ou portugués.
- O traballo ha de ser orixinal e creación individual de cada participante.
- No marco das temáticas de inspiración científico-tecnolóxica, a creación é libre.
- Os formatos válidos son os de imaxe estática .jpg ou .png, e o de imaxe dinámica .gif, con dimensións máximas de 1080 x 1080 píxeles.
- Só se admitirán a concurso os traballos enviados por correo electrónico segundo estas especificacións:
 - Destinatario: edlgterratrasancos@gmail.com
 - Asunto: virá encabezado por "Participación en *STEMeme*", e indicarse a categoría na que se concursa.
 - Corpo da mensaxe: incluírá nome completo de participante, curso e grupo.
 - O meme enviarase como único arquivo adxunto da mensaxe.
- Serán motivo de descalificación as contribucións que:
 - ⊗ non se axusten ás bases desta convocatoria;
 - ⊗ promovan mensaxes que vulneren as NOF do centro;
 - ⊗ non reúnan uns mínimos de calidade en canto a imaxe e texto (o meme ha de ser intelixible e estar redactado coa corrección que esixa o seu contexto).

Valoración dos memes

Só se valorarán os memes admitidos a concurso.

Estes son os criterios de valoración:

- ☆ Orixinalidade e creatividade nos textos, imaxes, vídeos e situacións
- ☆ Rigor, coherencia e adecuación técnica na exposición e expresión do contido científico e/ou tecnolóxico
- ☆ Valor divulgativo
- ☆ Calidade estética da montaxe

Os gañadores de ambas categorías serán seleccionados por un xurado composto polos seguintes cinco membros: a vicedirectora do centro e un



representante de cada un dos departamentos convocantes (Matemáticas, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, Tecnoloxía).

O xurado pode decretar que algún dos premios quede deserto.

En calquera caso, o fallo será inapelable.

Premios do concurso

Para cada unha das dúas modalidades establécense os seguintes premios:

- ✌ 1º premio: un vale por 60 € para gastar na *Librería Galicia* de Narón.
- ✌ 2º premio: un vale por 45 € para gastar na *Librería Galicia* de Narón.
- ✌ 3º premio: un vale por 30 € para gastar na *Librería Galicia* de Narón.

Os memes admitidos a concurso expóranse en montaxe de vídeo no recibidor do centro. Ademais poderán ser publicados en plataformas dixitais e redes sociais, e/ou impresos con finalidades didácticas.

Entre o 30 de maio e o 1 de xuño de 2022 publicaranse no taboleiro do centro e na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesterratrasancos> os memes gañadores de ambas categorías. A entrega de premios terá lugar nun acto na Biblioteca do centro o venres 3 de xuño de 2022 ás 12.10 h.

Consulta das bases e resolución de dúbidas

A interpretación das bases e calquera decisión referente ao concurso corresponde aos organizadores do concurso.

As bases do concurso pódense consultar no taboleiro do centro e na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesterratrasancos>.

Para resolver calquera dúbida, pódese escribir unha mensaxe de correo electrónico á dirección edlgterratrasancos@gmail.com, co asunto "Dúbida STEMeme".

Narón, a 6 de maio de 2022.